



## Comunicación Renovación Parcial Membros Consello Escolar: Constitución da Xunta Electoral

De conformidade coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18 de setembro de 2024) realizarase neste centro a renovación parcial de membros do Consello escolar, que como é sabido, constitúe o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do colexio.

A organización e supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto e que estará integrada por:

- Director do Centro Educativo
- Un representante do profesorado
- Un representante do alumnado
- Un representante dos pais/nais ou tutores legais.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os catro últimos serán designados por sorteo público segundo o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Neste sorteo preveranse, asemade, os membros suplentes a terá lugar o día 17 de outubro as 11:00 horas na secretaría do centro educativo.

Posteriormente enviarase unha citación para a constitución da Xunta Electoral a cada un dos membros titulares e suplentes elixidos no sorteo público.

Aqueles membros da Comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura a formar parte do Consello escolar deberán seguir as instrucións que figuren nas convocatorias que farán públicas a Xunta Electoral.

A Coruña, 10 de outubro de 2024

O DIRECTOR DO CENTRO

Asdo:  ANTONIO GÓMEZ TEMBRA